
Campus Universitario Sur


Carballeira de San Lorenzo


Paseo Fluvial do Sarela


Parque de Galeras


Parque de Vista Alegre


Parque da Música


Parque de Ponte Mantible


Parque da Almáciga


Parque de Belvís


Parque de Carlomagno





A CIDADE ESCONDIDA
ENTRE PARQUES E XARDÍNS
Outra forma de descubrir Santiago de Compostela



Parque de Eugenio Granell



Parque de Santo Domingo de Bonaval



Parque da Granxa do Xesto



Parque da Alameda



## paseo polos parques e xardíns de santiago de compostela

Os parques e xardíns teñen a virtude de transformarse a si mesmos ao longo das estacións, modificando pola súa vez toda a cidade: coloreándoa en outono, espíndoa en inverno, iluminándoa en primavera, asombrándoa en verán, invandíndoa co olor da terra mollada, da herba acabada de cortar, das plantas que florecen... e son, sen dúbida, os mellores salóns desde os que contemplar o solpor...

Este itinerario permite coñecer os parques e xardíns de Santiago de Compostela, que pola súa calidade paisaxística e medioambiental fixeron merecedora á cidade de varios premios e do recoñecemento internacional.

Sae da Alameda, no corazón da cidade, e percorre os espazos verdes máis representativos: xardíns históricos e artísticos, espazos de interese botánico, parques de deseño contemporáneo, extensas superficies de prado...

O percorrido descobre novas perspectivas, panorámicas inesperadas, visións ocultas da cidade, e fala da súa historia, do seu desenvolvemento urbano e da súa monumentalidade.

## unha cidade abrazada por espazos verdes

A paisaxe de Santiago de Compostela caracterízase desde sempre pola presenza do verde. Desde case calquera punto da cidade, e moi especialmente da cidade histórica, ábrense perspectivas que nos descobren as masas de arboredo dos parques da cidade, ou que foxen cara ás terras de labor ou cara aos bosques dos montes próximos.

Testemuños da convivencia entre o núcleo urbano e o contorno natural son os ‘rueiros’: rúas de trazado medieval, rectilíneas e alongadas, que vinculaban a zona céntrica, netamente urbana, coas áreas de cultivo anexas á cidade, ao longo das que a urbe ía desaparecendo paulatinamente en favor do campo, e que aínda hoxe conservan esa esencia.

Á sensación de proximidade da natureza contribúen tamén desde hai séculos os xardíns históricos –o conxunto formado polo parque da Alameda, a carballeira de Santa Susana e o Campus Universitario Sur, máis os parques de San Domingos de Bonaval e de Belvís- que seguen estando entre os lugares máis emblemáticos da cidade.

Coa expansión urbana a partir de mediados do século XX incrementouse o número de vivendas e tamén a necesidade de garantir un desenvolvemento urbano sostíbel a través da creación de novos espazos verdes, labor que se asumiu con profundidade nos anos 90 e que converteu a Santiago, con máis dun millón e medio de metros cadrados de espazos verdes públicos, nunha cidade que se pode circunvalar e coñecer paseando polos seus parques e xardíns.

As novas zonas verdes que abrazan a cidade salvagardaron esa relación histórica do construído co contorno natural, de maneira que aínda nos nosos días podemos gozar das mesmas estampas urbanas que tiveron, moito tempo atrás, outros viaxeiros e peregrinos...

O Itinerario verde é un proxecto que permitirá a creación dun gran corredor de máis de 15 km de lonxitude que arrodeará a cidade e comunicará entre si os principais espazos verdes urbanos, poñéndoos pola súa vez en relación coas restantes zonas verdes existentes: cos outros parques e xardíns, cos sendeiros rurais e forestais e cos diferentes Camiños de Santiago.

Creará así unha senda urbana que, a través de actuacións de pavimentación diferencial, sinalización, paneis informativos e recuperación de elementos propios de cada camiño, artellará un entramado que facilitará a integración e o diálogo da cidade co seu contorno natural.

## 1 PARQUE DA ALAMEDA

Aínda que o parque recibe o nome xenérico da Alameda, componse de tres partes ben diferenciadas: o paseo da Alameda, a carballeira de Santa Susana e o paseo da Ferradura. A unidade así formada é, desde o século XIX, o máis importante punto de referencia dos paseos e do lecer dos santiagueses, caracterizada por ser un espazo moi acolledor, unha especie de salón natural.

A súa situación privilexiada, bordeando unha parte da cidade histórica e cunha magnífica perspectiva sobre a súa fachada oeste –a máis monumental-, converteuno no principal xardín urbano, destacado ademais pola variedade e porte das súas especies arbóreas e ornamentais, como o conxunto de carballos, os espléndidos eucaliptos ou a pérgola con vistas que compoñen os castiñeiros de Indias no paseo da Ferradura.

O paso do tempo foi deixando pegadas na súa ordenación espacial, como se pode apreciar no paseo central, con corredores para as distintas clases sociais do XIX; no case arco triunfal que dá acceso ao paseo dos Leóns, ou na disposición de terrados, fontes e estanques. E tamén nas súas edificacións decimonónicas, modernistas e actuais –capela de Santa Susana, igrexa do Pilar, pombal, quiosco da música, banco acústico, etc.-, na abundancia e formas das súas estatuas e esculturas, e no seu mobiliario, especialmente os bancos graníticos con artístico respaldo de fundición da coñecida fábrica galega de Sargadelos.

Por ser o espazo verde máis representativo da cidade, na Alameda sitúase o Centro de Interpretación de Parques e Xardíns.

## 2 CAMPUS UNIVERSITARIO SUR

En 1929 aprobouse un ambicioso proxecto para a dotación de residencias de estudantes e doutras necesidades da Universidade, que foi a base do actual Campus Sur. Este proxecto supuxo unha ampliación –e tamén unha alternativa- á conxestionada cidade existente, seguindo as ideas hixienistas decimonónicas de ‘cidade verde’, ‘cidade xardín’.

O trazado xeral baséase nun eixo que mira a poñente desde a escalinata que o conecta coa Alameda, e que relaciona zonas verdes, equipamentos deportivos e residencias. Desde a cima da grande escaleira gózase dunhas magníficas vistas do conxunto, así coma do monte Pedroso e do val da Amaía. A auga que brota ao pé da escaleira percorre o paseo central dando lugar a estanques e fontes.

Os xardíns formalízanse cun rigoroso trazado xeométrico: prados, terrados, estanques e camiños enlázanse mediante paseos nos que podemos atopar unha gran diversidade de árbores e plantas ornamentais –tuias, camelias, magnolios, piñeiros, cedros, cimbros, ginkgos...-, constituíndo un peculiar xardín botánico urbano.

## 3 CARBALLEIRA DE SAN LOURENZO

A principios do século XII fúndase, nunha sombría carballeira á beira do río Sarela, o convento de San Lourenzo de Trasouto. No exterior desta edificación, que co tempo se converteu en pazo e actualmente é un distinguido restaurante para celebracións, segue existindo aínda un vizoso souto de carballos centenarios.

Sendo o carballo a árbore máis típica de Galicia –vinculado en moitos casos á tradición mítica e lendaria-, as carballeiras foron sempre espazos de xuntanza, romaría, festa e celebración; espazos case sagrados, sombrizos, máxicos... Agachados entre as árbores hai unha fonte e dous cruceiros, cruces de pedra de gran tamaño que marcaban os camiños e que son seña de identidade de Galicia.

## 3A PASEO FLUVIAL DO RÍO SARELA

Este paseo é un mundo á parte que se introduce no bosque e discorre completamente alleo á cidade suxerindo excursión, aventura, descubrimento e contacto directo coa natureza. Corre paralelo ás augas do pequeno Sarela e permite constatar a importancia histórica que na articulación do territorio tiveron as canles fluviais: pontes, regos, canais, muíños, fábricas de curtidos... Estas últimas tiveron un papel moi relevante no desenvolvemento económico da cidade desde mediados do século XIX ata a metade do XX, tal e como queda patente ao longo deste percorrido que comeza nunha destas construcións fabrís, a da Ponte Sarela, e remata na do Carme de Abaixo, hoxe rehabilitada como urbanización de vivendas.

O sendeiro está sombreado, como se dunha pérgola natural se tratase, por carballeiras e vexetación típica das ribeiras galegas: ameneiros, bidueiros, salgueiros, etc.

## 4 PARQUE DE GALERAS

O parque de Galeras esténdese ao longo das marxes do río Sarela sobre un terreo case plano no que se xunta co regato Corgo. Esta valgada delimítana polo oeste a finca do Espiño –frondosa e con romántico palacete modernista- e o monte Pío –onde está a residencia do presidente da Comunidade Autónoma de Galicia-, e polo leste a cidade monumental, o que nos permite apreciar o contraste entre o tamaño dos bloques de vivendas e dos grandes edificios singulares (catedral, convento de San Francisco, facultade de Medicina, mosteiro de San Martiño Pinario, antigo hospital, etc.) e as pequenas casas e construcións de escala rural que soben cara ao monte Pedroso. Marca, por tanto, o límite entre a cidade e o contorno natural.

Galeras é sobre todo un gran prado, moi adecuado para o paseo, o xogo infantil e a práctica deportiva, que ten ademais nos seus bordos varias arquitecturas de autor, e cafetarías e restaurantes con vistas sobre o parque.

## 4A PARQUE DA GRANXA DO XESTO

Gran espazo natural na aba do monte Pedroso, a medio camiño entre parque –pola súa configuración e equipamentos- e bosque, sendo de feito a antesala do parque forestal dese monte, que é o máis emblemático de Compostela.

Na Granxa do Xesto conviven o bosque (eucaliptos, piñeiros e especies autóctonas), os prados, e pequenos lagos alimentados por minas naturais de auga. Conta con 3 km de paseos, parque infantil, diversos elementos deportivos e unha tranquila cafetaría con vistas sobre a cidade.

É ademais o punto de partida dunha rede de sendeiros que percorre o Pedroso, destacando polo seu interese patrimonial o Via Crucis ao aire libre que, marcado por cruceiros, leva ata o cumio, desde onde se descobre a cidade distribuíndose pola paisaxe.

## 5 PARQUE DE VISTA ALEGRE (FINCA SIMEÓN)

O parque conserva as evidencias do xardín privado que foi: no seu opaco peche, nas estatuas que gardan o camiño, nas súas árbores –palmeiras, laranxeiras, maceiras, camelias, araucarias, etc., algunhas delas centenarias- e na súa glorieta e outros recantos asombrados que invitan a sentar e descansar.

Sobre esta propiedade, que pertenceu a unha importante familia de banqueiros da cidade –os Simeón-, levántanse agora, ademais da casona de estilo colonial de principios do XX –hoxe selecto aloxamento de académicos universitarios chamado ‘Casa de Europa’-, o Centro de Estudos Avanzados da Universidade de Santiago e a Escola de Altos Estudos Musicais.

## 6 PARQUE DA MÚSICA EN COMPOSTELA

Ao pé do Auditorio de Galicia -de aí o seu nome- e nas beiras do pequeno regato Corgo, esténdese este tapiz verde de prado. O regueiro é o elemento que estrutura o parque, formando un gran estanque-espello no que se mira a arquitectura contemporánea do Auditorio. No parque destaca, pola súa altura e cor, a escultura surrealista do artista galego Eugenio Granell.

Desde aquí descóbrense vistas inesperadas da cidade antiga: traseiras dos conventos de San Francisco e San Martiño Pinario, as torres da catedral...

As exposicións de artes plásticas do Auditorio e a súa cafetaría sobre o lago con vistas privilexiadas son atractivos a maiores da visita a este parque.

## 7 PARQUE DE SANTO DOMINGO DE BONAVAL

Deixando a un lado o pequeno xardín de San Roque, situado en terreos que pertenceron ao hospital e á capela do mesmo nome, chégase á antiga horta e cemiterio do convento dominico, rehabilitada como parque urbano segundo proxecto dirixido polo arquitecto portugués Álvaro Siza.

Ao parque accédese polo estratéxico pasadizo que conforman as arquitecturas contrastadas de dous museos: o Centro Galego de Arte Contemporánea –CGAC-, de deseño actual obra do propio Siza, e o Museo do Pobo Galego, aloxado no que foi convento medieval.

Situado sobre unha ladeira que mira ao poñente, ofrece vistas sorprendentes dos tellados da cidade, ás que o artista Chillida dedicou unha escultura que encadra intencionadamente unha visión da cidade.

A actuación é un exemplo de perfecta adaptación á topografía e aos elementos preexistentes, que conxuga as onduladas formas da ladeira coa linearidade dos trazados xeométricos que definen os seus sendeiros e bancadas. Respecta a estrutura tripartita da propiedade monacal: horta, carballeira e cemiterio. A auga murmura en todo o paseo, con fontes, canais e pequenos alxibes.

O resultado é un espazo coidado, cunha gran calidade, un parque de sutil deseño contemporáneo que xoga coas perspectivas, moi aproveitado por composteláns e visitantes e marco excepcional de manifestacións artísticas.

O arboredo histórico completouse con novas especies, o que lle confire ademais un especial interese botánico, destacando a carballeira.

## 8 PARQUE DE BELVÍS

O parque esténdese ao longo da vaganta de Belvís: un espazo alongado constituído por prados polos que corre un pequeno rego. Os muros, as bancadas do terreo e as vías históricas -como a pintoresca calella das Trompas- respectáronse no proxecto deste parque.

Este ‘baleiro’ verde separa, e á vez relaciona, o recinto histórico coas grandes edificacións do convento de Belvís e do Seminario Menor, constituíndo unha especie de ‘foso’ natural da cidade medieval. Desde a súa parte máis alta gózanse vistas singulares de toda a cidade.

## ESQUEMA DO ITINERARIO




DURACIÓN DO ITINERARIO PRINCIPAL: 2 HORAS E 30 MINUTOS

Itinerario principal
Alternativas o itinerario principal
Tramo en construcción

1 **Parque da Alameda**
2 **Campus Universitario Sur**
3 **Carballeira de San Lorenzo**
3a **Paseo fluvial do río Sarela**
4 **Parque de Galeras**
4a **Parque da Granxa do Xesto**
5 **Parque de Vista Alegre**
6 **Parque da Música en Compostela**
7 **Parque de Santo Domingo de Bonaval**
8 **Parque de Belvís**
9 Parque da Avenida do Burgo das Nacións e Parque de Xixón
10 Parque de Fermín Bouza Brey e Parque de Alexandre Bóveda
11 Parques de Pablo Iglesias, Ponte Mantible, Blanco Amor e de San Cayetano
12 Parque do Monte da Almáciga
13 Paseo fluvial do Sar
14 Parque de Carlomagno (As Fontiñas)
15 Parque de Eugenio Granell (O Paxonal)

m² extensión en miles de m²
30’ duración do percorrido do parque
topografía
topografía
topografía
horario
interés botánico
interés monumental
mirador / boas vistas
amplias zoas de sombra
amplias zonas de céspede
área de descanso
itinerarios peonís
itinerarios en bicicleta
acceso para minusválidos
fontes de auga potábel
merendeiro
curso de auga
curso de auga con patos
xogos infantís
zonas deportivas
cafetería
WC públicos
iluminación nocturna
punto de información
visitas guiadas
zonas de aparcadoiro

## OUTROS PARQUES DE INTERÉS: ALTERNATIVAS O ITINERARIO PRINCIPAL

### 9 PARQUE DA AVENIDA DO BURGO DAS NACIONS E PARQUE DE XIXÓN

Situados un a carón do outro, en contacto co parque da Música en Compostela, ao lado da dársena de autobuses. Entre os dous configuran un espazo moi coidado con amplas zonas verdes, boas dotacións deportivas e parque infantil.

### 10 PARQUE DE FERMÍN BOUZA BREY E PARQUE DE ALEXANDRE BÓVEDA

Situados nunha valgada, ao lado do parque de Xixón, preto da dársena de autobuses. Constitúen un espazo con moita sombra, cruzado polo regato Corgo, con boa dotación de servizos e amplas zonas dedicadas ao paseo.

### 11 PARQUES DE PABLO IGLESIAS, PONTE MANTIBLE, BLANCO AMOR E DE S. CAETANO

Conectan directamente cos parques anteriores, configurando un corredor que discorre a ambos lados da estrada. Están situados na zona do barrio de Vite, moi preto da estación de autobuses e dos edificios administrativos centrais do goberno de Galicia.

### 12 PARQUE DO MONTE DA ALMÁCIGA

Se se segue o itinerario alternativo proposto, accédese a el desde o parque de San Caetano. Situado no barrio da Almáciga, moi preto da estación de autobuses, esténdese sobre o outeiro máis alto do casco urbano, o que o converte nunha atalaia privilexiada, con moi boas vistas sobre a paisaxe. A través da rúa de Teo conecta co parque de San Domingos de Bonaval.

### 13 PASEO FLUVIAL DO RÍO SAR

Desde o parque de Belvís, pasando ao lado da Colexiata de Sar, chégase ao río Sar, en cuxa ribeira se acondicionará proximamente un paseo natural que comunicará os parques de Carlomagno, no barrio das Fontiñas, situado ao leste da cidade, e o de Eugenio Granell, no barrio da Ponde Pedriña, ao sur. Este proxecto permitirá tamén a conexión co parque da Cidade da Cultura, chamado ‘Bosque de Galicia’ –actualmente en construción-, que ocupará unha superficie de 125.000 m2 e recreará os bosques tradicionais galegos.

### 14 PARQUE DE CARLOMAGNO (AS FONTIÑAS)

Situado no barrio das Fontiñas, inclúe a zona de parque propiamente dita, sobre un outeiro, máis as zonas axardinadas que rodean os edificios. Destaca por ser unha das zonas verdes máis extensas da cidade, e pola súa boa panorámica. Este parque leva directamente ao parque de San Lázaro, no que se encontran varias arquitecturas contemporáneas de interese: o Palacio de Congresos e Exposicións, o estadio, grandes hoteis e varios edificios administrativos da Xunta de Galicia.

### 15 PARQUE DE EUGENIO GRANELL (O PAXONAL)

Está situado no barrio do Paxonal, tamén coñecido co nome xenérico da Ponte Pedriña, moi preto da estación de tren. Nun futuro próximo o paseo verde do val do río Sar conectarao co de Carlomagno, nas Fontiñas. É un dos parques máis extensos de Compostela, e nel destacan, ademais das espectaculares vistas sobre a cidade, a súa configuración: as zonas axardinadas e de prado vanse convertendo pouco a pouco nun vizoso bosque de carballos á beira do río, alleo completamente á proximidade da cidade. Dispón de plataformas para exercicios físicos e de pistas de skate e en breve vai unirse aos parques do barrio de Conxo e desde aí aos do Campus Universitario Sur, completándose así o itinerario verde que rodeará a cidade.